

**FICHA RESUME**

PE 403A 2008/ 63-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE PORTONOVO, SANXENXO, RAXÓ, PONTEVEDRA, BUEU, MARIN E LOURIZÁN.
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE ALGAS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade solicitada⁽³⁾	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

Especies	<i>Undaria pinnatifida, Laminaria ochroleuca, Gelidium spp, Gracilaria gracialis, Chondrus crispus, Mastocarpus stellatus, Gigartina spp, Ulva spp, Ascophylum nodosum, Fucus spiralis.</i>
Ambito do plan	Interior as liñas imaxinarias de Punta Faxilda a Punta Centolo, de punta Galera a Punta Couso e de Punta Couso a Punta Preguntoiro. Cara oeste das illas Ons e Onza.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	6	14
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	150										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de marzo a setembro.										
Modalidade⁽³⁾	mergullo con subministro de aire dende superficie										
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X			

Topes de captura⁽⁶⁾			
Especies	A pé	Embarcación	Tripulante/habilitación
Algas		450 kg	150 kg/tripulante

Artes a empregar	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE
-------------------------	--

Puntos de control	Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo
Puntos de venda	Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo

Accións a realizar⁽⁷⁾	Épocas probables⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												

Consideracións

Con respecto á **zona de traballo**: para evitar o solapamento co plan de algas da confraría de Aldán, o plan apróbase para a mesma zona que en anos anteriores, e dicir: **De Punta Faxilda a Punta Centolo, de Punta Galera a Punta Couso, de Punta Couso a Punta Preguntoiro. Cara oeste das Illas Ons e Onza**

En relación coas **especies**, e tendo en conta que:

- Dende o ano 2005 non houbo extraccións segundo indica o propio plan presentado.
- Non se presenta avaliación do recurso (só se realizaron prospeccións no ano 2004).
- A relación proposta de especies é un listado florístico, que varias especies están vendo limitada a súa área de distribución e as especies máis explotadas para a obtención de carraxenatos deberían extraerse cunha previa avaliación do recurso.

Limitanse as especies que figuran na proposta do plan, ás que teñen interese comercial segundo a información remitida o ano 2008 por empresas transformadoras de algas, quedando como especies autorizadas: *Undaria pinnatifida*, *Laminaria ochroleuca*, *Gelidium spp*, *Gracilaria gracialis*, *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus*, *Gigartina spp*, *Ulva sp.*, *Ascophyllum nodosum*, *Fucus spiralis*.

En relación cos **participantes**, hai que reiterar o xa establecido na proposta de resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños de data 14.12.2006 para o plan de algas do ano 2007 e na ficha resumo do plan aprobado para o ano 2008, no senso de que a proposta de ampliación era desfavorable, ao non terse iniciado a actividade. Este plan non se iniciou a pesares de estar aprobado dende o ano 2003, e non ten moito senso ampliar o listado de participantes. O plan desenvolverase con 6 embarcacións que teñen a modalidade de algas no seu permiso de explotación.

Hai que advertir que de conformidade co artigo 4º.1 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 272/2002, do 11 de xullo, **o tope de captura e por especie, mariscador e día.**

Lémbrese que de acordo co Decreto 424/1993, o horario para o marisqueo desde embarcación será de 8 a 14 horas, polo que non se acepta o horario proposto no plan 9:00 a 15:00 horas).

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro e das capturas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior. Na petición de apertura tamén deberá indicarse a empresa que pretende adquirir as algas, de coñecerse.

O informe da actividade de mergullo de data 18.11.2008 é favorable a autorizar a realización



das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, e agás os seguintes participantes: **Daniel Broullón Durán, Edelmiro Tourís Leiro, José Rodríguez Piñeiro, Emilio Carballa Lima e Ramiro Otero Franco**. Lémbrese que a **Manuel Lorenzo Graña** cadúcalle a tarxeta de mergullo en data 18.02.2009.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas das zonas de traballo.

Deben presentar a aprobación da proposta de plan polos órganos de goberno de tódalas confrarías, excepto Bueu.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Presentar un calendario da actividade para o ano 2009 que indique as cantidades previstas por especie, zona e mes de traballo.
- Realizar unha avaliación do recurso con anterioridade ao inicio da explotación, en particular de *Chondrus crispus*, *Mastocarpus stellatus* e *Gigartina spp* por ser as especies máis explotadas para a obtención de carraxenatos.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS. Dentro do ámbito do Parque (illas Ons e Onza) non se pode aumentar o esforzo pesqueiro con respecto ó de 2008. Polo tanto, deberán permanecer fixos (os mesmos que en 2008) o número de embarcacións, o de buceadores, e o número de días de explotación no ano.

A recolección de algas debe realizar manualmente de xeito que non se provoquen impactos negativos nos fondos do Parque.

Se autoriza, básicamente, a extracción de especies alóctonas, é dicir o wakame (*Undaria pinnatifida*). Non se deben extraer outras especies (*Laminaria ochroleuca*, *Gelidium sesquipedale*, *Chondrus crispus*, *mastocarpus stellatus*, *Laminaria hyperborea*, *L. Saccharina*, *Fucus vesiculosus*, *F. Spiralís*, *F. serratus* e *Himanthalia elongata*).

Infómase desfavorablemente a extracción nas zonas de mäerl (ver mapa anexo)

-
- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,
(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
(4): Indicar en negrita o que corresponda
(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...
(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....
(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración
-